

NOTIFICACIÓN

Expediente	2021005736	Contrato menor
Asunto	APROBACIÓN DAS BASES E O GASTO DO PROGRAMA FERROL ESCENA 2021	

O concelleiro delegado de Cultura, Educación, Universidade, Deportes e Festas aprobou no día 12.03.2021, a seguinte resolución:

“Examinado o informe proposta elaborado polo negociado de Promoción Cultural con data 18.02.2021 e que literalmente di:

“INFORME-PROPOSTA

A Concellería de Cultura ten entre as súas prioridades a de contribuír na difusión e promoción das diferentes manifestacións artísticas a nivel afeccionado fomentando o seu achegamento a todos os veciños deste Concello. Con esta finalidade organízase dende esta Concellería o programa FERROL ESCENA.

A participación neste programa está aberta a todos os grupos de teatro, música, folclore, danza e demais manifestacións artísticas a nivel afeccionado que se atopen inscritos no rexistro municipal de entidades cidadás.

As actuacións serán solicitadas polas asociacións de veciños do Concello de Ferrol inscritas no rexistro municipal de entidades cidadás deste concello.

O artigo 25.2.m) da Lei 7/1985 , do 2 de abril, reguladora as Bases do réxime local reconece, entre as materias de competencia propia dos concellos a promoción da cultura.

Á vista do exposto, propónse a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar as normas reguladoras para a participación no programa FERROL ESCENA 2021 e publicalas no taboleiro da páxina web do Concello:

“NORMAS REGULADORAS PARA A PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA FERROL ESCENA 2021

Primeira. O Concello de Ferrol, a través da concellería de Cultura, convoca o programa FERROL ESCENA co obxecto de contribuír á difusión e promoción do teatro, música, folclore, danza e demais manifestacións artísticas a nivel afeccionado e o seu achegamento ás asociacións veciñais deste Concello.

Segunda. A participación neste programa está aberta a todos os grupos de artes escénicas afeccionados e ás asociacións veciñais que consten inscritos (ambos) no rexistro municipal de entidades cidadás do Concello de Ferrol.

Terceira. Procedemento.

a) 1ª Fase

Os grupos que opten á participación deberán achegar o anexo I, a modo de solicitude e acompañalo da seguinte documentación:

- a. Fotocopia do CIF da entidade.
- b. Fotocopia do documento de exención do IVE ou certificado de que os seus estatutos cumpren o disposto na Lei Orgánica 1/2002.
- c. Autorización da SGAE, para o caso de que a obra ou peza non sexa orixinal do grupo (salvo acreditación de exención).
- d. Ficha técnica e artística, incluída duración.
- e. Sinopse da obra (*no caso dos grupos de teatro*).
- f. Historial do grupo.
- g. Nome, apelidos e enderezo electrónico da persoa responsable do grupo.
- h. Declaración de non ter obrigas pendentes coa Facenda estatal e autonómica e coa Seguridade Social. *(No suposto de que se lle adxudiquen un número de actuacións superiores a 10, o grupo afectado deberá presentar os correspondentes certificados oficiais).*
- i. Declaración de non estar incurso en prohibición de contratar coas Administracións Públicas segundo o artigo 71 e seguintes da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.
- j. Designación da conta bancaria do grupo ao que se fará o pagamento no modelo que se achega neste enlace:
<https://www.ferrol.es/archivos/documentos/solicitudes/DesignacionDeContaBancariaEBaixaDeDatosBancarios.pdf>

A documentación que se presente deberá ser **orixinal ou copia compulsada**.

A información e documentación requiridas deberá presentarse, no rexistro xeral do Concello de Ferrol, no prazo máximo de **10 días hábiles** contados dende a publicación da convocatoria no taboleiro da páxina web do Concello.

Non haberá limitacións ao número de grupos e propostas.

b) 2ª Fase

Unha vez elaborado o catálogo de grupos inscritos as asociacións veciñais deberán achegar os anexos II e III a modo de solicitude nun prazo de **10 días hábiles** contados dende a publicación do dito catálogo no taboleiro da páxina web do Concello.

c) 3ª Fase

A resolución pola que se adxudican as distintas actuacións ás asociacións veciñais será obxecto de publicación no taboleiro da páxina web do Concello.

Cuarta. As actuacións terán lugar **unicamente os fins de semana do ano 2021** nos espazos propostos polas asociacións veciñais que así o soliciten, sempre e cando sexan espazos pechados e teñan as instalacións axeitadas para poder desenvolver as ditas actividades.

Quinta. Condicións.

- a. As actuacións serán públicas e de balde.
- b. As asociacións veciñais poderán solicitar ata un máximo de seis actuacións por orde de preferencia (e

dúas de reserva). Adxudicarase o mesmo número de actuacións a cada entidade veciñal ata consumir o crédito orzamentario destinado a este programa .Estas actuacións realizaranse entre o período **comprendido entre o 04 de xuño de 2021 e o 31 de decembro de 2021**. As asociacións de veciños que se acollan terán que darlle toda a publicidade posible ás actividades que se vaian a realizar e terán que contar cun seguro de responsabilidade que cubra cada unha das actividades.

- c. O Concello contratará as actuacións dos grupos non profesionais concedidas ás asociacións veciñais. Correrá por conta dos grupos o permiso da SGAE (no caso de non estar exentos). O custo de cada actuación será de 300 € (impostos engadidos). O concello aboará a correspondente factura previo cumprimento dos seguintes requisitos:
- A factura será emitida polo grupo que actúe a nome do Concello de Ferrol (NIF P1503700E) facendo constar que pertence ao programa FERROL ESCENA, as facturas poidan ir presentándose ao longo do ano, segundo teñan lugar as actuacións.
 - Achegarase tamén unha certificación asinada pola **secretaría da asociación veciñal co visto e prace da presidencia**, acreditativa da realización da actuación.
- d. Obrigas dos grupos:
- Carga e descarga do material, e montaxe e desmontaxe da obra ao finalizar a representación. Cada grupo contará cos seus propios medios persoais e técnicos.
 - Será por conta do grupo os gastos de transporte e seguros de equipos, de actuación e de material, e gastos de persoal.
 - Deberán achegar todo o equipo necesario para poder levar a cabo a actuación.
 - O abono, no seu caso da Seguridade Social así como da SGAE.
 - Presentarse na data, hora e sede que se lle atribúa.
- e. Obrigas das entidades veciñais:
- **No desenvolvemento destas actividades serán as responsables de que se cumpran as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 establecidas nese momento polas autoridades sanitarias.**
 - Facilitar aos grupos o desenvolvemento da actividade, dispoñendo de persoal para proporcionar, coa antelación suficiente, o acceso ao recinto para que se poida realizar a actividade.
 - Organizar as actuacións velando polo seu correcto desenvolvemento, achegando o persoal de vixilancia que se precise.
 - Programar como máximo unha actuación por cada fin semana. Quedan exceptuadas desta obriga **as asociacións veciñais que non dispoñen de local, sempre que a realización das actividades lles supoña gasto económico relativo ao aluguer de local, carpa, escenario, etc. e este feito resulte acreditado no expediente.**
 - Distribuír os carteis anunciadores, nos que debe constar o logo do Concello de Ferrol.
 - Expedir as certificacións acreditativas da realización das actuacións.
 - Someterse aos actos de comprobación e control do Concello.

Sexta- Os grupos participantes, seleccionados ou non, e as asociacións veciñais que soliciten actuacións aceptan as bases desta convocatoria, sen reserva algunha.

Sétima.- O Concello (organizador) resérvase o dereito de modificación das datas e a sede de actuación no caso de circunstancias imprevistas.

Oitava. Calquera grupo seleccionado que non se presente na data, hora e sede que se lle atribúa sen estar debidamente xustificada a ausencia será automaticamente excluído na seguinte edición.”

Segundo.-Aprobar a realización do programa Ferrol Escena 2021 que terá lugar os fins de semana do ano 2021. As actuacións realizaranse no período **comprendido entre o 04 de xuño de 2021 e o 31 de decembro de 2021**.

Terceiro.- Aprobar o gasto de 30.600€ para a realización do programa Ferrol Escena 2021 con cargo a partida orzamentaria 05101 3332 22609 .“

E tendo en conta a documentación que o acompaña, así como o informe favorable de Intervención.

Decreto.- Vista a anterior proposta apróboa nos seus propios termos.”

Comunicollo a Vde. para o seu coñecemento e efectos, facéndolle saber que a presente resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición ante o órgano que a dictou dentro do prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Todo isto, sen prexuízo da posibilidade de interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo, dentro do prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución e na forma prevista no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso Administrativa (BOE 14.07.1998).

Poderá utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.

Non se admitirá a factura se non figura na mesma o seguinte número de expediente: **2021005736**

Casa do Concello,

O secretario xeral